

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 11 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de gases renovables, para o ano 2024, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento IN421Z).

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 241, do xoves 21 de decembro de 2023, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 69942, no artigo 9.1, o parágrafo onde di:

«O investimento correspondente aos equipamentos novos ou á adaptación de existentes para consumo de gas renovable non poderá representar no seu conxunto máis do 20 % do investimento solicitado total».

Debe dicir:

«Para o cálculo da axuda, o investimento correspondente aos equipamentos novos ou á adaptación dos existentes para consumo de gas renovable non poderá superar no seu conxunto o 20 % do investimento solicitado total naqueles casos en que o proxecto inclúa tamén equipamentos asociados á produción de enerxía procedente de fontes renovables e hidróxeno renovable».

CVE-DOG: 47epks10-1xq9-tzw2-1lq6-f10tyuxqe8y8

